

## **PREGÓN JOSÉ MANUEL PARADA**

Boas tardes, case noites, a todos. E cando digo todos, é a todos. Pero moi especialmente ós meus paisanos monfortinos, porque ás Festas de Monforte vén moita xente de fóra. Non discrimino a toda esa xente que vén de fóra. Benvidos. Pero os monfortinos son os monfortinos.

Moitísimas gracias por vir a facerme compañía neste debut como pregoeiro das Festas de Monforte, porque fun pregoeiro en moitísimas festas, pero hoxe é moi especial. Hoxe estou cos nervios. ¿Pero como é posible coa de pregóns que fixeches na vida? Monforte é moi especial. Nestas festas pasei en familia, cos avós, os mellores veráns da miña vida. Os mellores veráns da infancia e da adolescencia. Aqueles baños no río Cabe, sen contaminar. Bañábaste e bebías auga e non pasaba nada, nin diarrea nin nada de nada. Era unha maravilla! Despois cando fun a Cataluña vía aquel Llobregat... iso non é un río!!! Río o río Cabe noso.

Pois a infancia e incluso a adolescencia, paseando por San Vicente, polo Castelo que agora xa é Parador; o Cardenal, a feira, a Compañía, a explanada dos Escolapios, xa se coñece por Escorial galego. E ¡tantos e tantos sitios máis!

Como veredes a miña infancia non son recordos dun patio de Sevilla, como dicía o poeta Antonio Machado. Son recordos da miña terra de Lemos, pero moito antes de que se fixera tan famosa por ser a capital da Ribeira Sacra; que veño precisamente de ver a Ribeira Sacra porque estiven esta mañá en Castro Caldelas. Recibín un premio que se chama Alecrín, e eu dicía ¿Que é iso de alecrín? E entereime de que é a flor do toxo, que é como a vida. A vida mesma. Ten flores ben bonitas, momentos ben bonitos pero ten espinas ben fortes. Pero era moi bonito esta mañá porque era encontrarme con toda a miña vida. Era a Federación de Asociaciones de Cataluña y del Bierzo. Claro, hai un lío co do meu nacemento. Uns me preguntan: ¿ti eres do Incio? Porque estiven moito no Incio. ¿Eres da Ferreirúa? Alí están os meus primos e estiven moitos anos con eles tamén. ¿Eres de Monforte? Non! Eres de Ponferrada! Non que é de Cataluña. Non que traballou coa Pantoja. É de Andalucía! POIS NON. Vivín en moitos sitios, foi época de felicidade sempre que vivín en todos os sitios, pero o meu carnet de identidade dice moi claro: nacido en Monforte de Lemos, provincia de Lugo. Así que son monfortino como a inmensa maioría de todos vosotros. Que quede claro.

Crieme tamén no Bierzo, alí vive agora a miña nai e moita familia miña. E en Cataluña, a onde me tiveron que ir porque son un emigrante máis galego, como tantos e tantos. E fun facer as Américas, alí estaba traballando cando me chamou o Alcalde: “que quero que seas pregoeiro”. Digo, aí que ben, xa era hora. Si no te das prisa, o me muero o me jubilan. Mira que tardaron, eh! Tardaron, tardaron... pero bueno, aínda estou de bo ver non? Mira que tipazo. Home, para a idade que temos, non está mal!

Dar o pregón das festas sempre é algo moi fermoso. Pero dar o pregón das festas onde un nace, é realmente sublime. É como un soño, porque é unha honra moi grande e tamén un agasallo ben fermoso para calquera que queira á súa terra. Un soño feito realidade. Ser pregoeiro de Monforte de Lemos, quen me ía dicir a min de rapaz, cando viña á festa, que chegaría a ser pregoeiro desas festas! Estábamos como locos esperando que chegasen as festas de agosto para que nos deixaran saír ata tarde, para fumar un cigarrillo sen que se enterasen... Eso demuestra, que todo se puede conseguir en la vida, luchando y a veces con mucha, como es mi caso, con mucha paciencia. Porque era para haberos dicho NO, AHORA NO QUIERO. Pero bueno, xa son por fin, profeta na miña terra. Iso é unha emoción ben gorda. Máis vale tarde que nunca.

Ás veces, moitas veces, as cousas boas fanse esperar. E merece a pena. Graciñas, graciñas a todos: a vós, ó pobo de Lemos, porque sempre que veño noto o cariño cando vou polo Cardenal. O Concello dase por fin conta tamén. Pero sobre todo, gracias ó señor Alcalde, Pepe Tomé. Pepe, fixésceme moi feliz. Non me quero emocionar...

Yo decía, ¿será que no me quieren en Monforte? Porque que me llamen de Ciudad Real para dar el pregón de las fiestas... ¿qué tengo yo que ver con Ciudad Real? Con todos los respetos. Que me llamen de Tortosa. ¿Y de Monforte? ¿Qué habré hecho yo contra Monforte? ¡¡Si siempre hablo bien de Monforte!!

Bueno, José Tomé Roca, o señor Alcalde, sabe tamén que costa moito chegar. El sabe perfectamente que hai que ter moita paciencia, porque a veces, precisanse moitos anos. Dende a República o PSOE non estivo no Concello de Monforte de Lemos. E da República aquí mira que choveu e choveu. O primeiro Alcalde democrático do PSOE. Estou contento porque a min paréceme boa xente. Hai que falar da feira como a un lle vai nela e conmigo portouse moi ben e é de ben nacido ser agradecido. Así que eu hoxe e estou estou moi agradecido.

Nos últimos anos, e gracias a Pepe Tomé, os pegoiros de Monforte de Lemos son pegoiros de cine. Ano 2015 Fiorella Faltoyano, unha gran actriz. Unha estupenda amiga que aprobou por fin tamén como eu a súa asignatura pendiente. Cando nos

encontrábase en moitos actos dicía, ¿Parada a ti te han chamado de Monforte de Lemos? No, a mi no. Pues a mi tampoco. ¿Será que no nos quieren? Digo, ten paciencia, algún día será.

El año que me llama Fiorella me dice, por fin parece que me quieren en Monforte, soy la pregonera. Yo tendré que esperar un poco más y hacer más méritos, pero bueno, ¡ya me tocó!

Y el año pasado, Dani de la Torre, director triunfador con EL DESCONOCIDO, me siento muy orgulloso como hombre amante del cine que soy, de que haya sido mi pregonero anterior.

Y ya llega el 2017, hoxe, que voy a decir yo de mi vinculación con el cine, si todos habéis visto Cine de barrio. ¿Hai algún presente que non viu nos dez anos que fixen o programa Cine de barrio?

Hoxe son eu tamén xente de cine e claro, se me poño a facer a película da miña vida ten que salir Pepín, porque claro, eu son Xosé Manuel Parada profesionalmente; pero cando estaba aquí en Monforte de Lemos eu era o Pepín, así me chamaba a familia, aínda agora. Teño que facer un trozo de película da miña vida da igrexa de Ribasaltas. Os meus avós están alí no cemiterio e de neno levaronme para bautizarme alí na igrexa de Ribasaltas.

Falando de igrexas, que anos... de monaguillo en Monforte de Lemos! Que ilusión. Viña todos os veranos. O meu primo me levaba. Bodas, bautizos e comunionés. Moita xente aquí casou aquí

e eu de monaguillo, no lo sabrán ni lo recordarán, pero yo me llevaba unas propinas buenísimas haciendo de monaguillo.

Tengo que recordar en mi película las roscas de Sober, que mi abuelo, me portaba bien y decía, “te voy a buscar una rosca de Sober”. Y las empanadas de Monforte de Lemos, porque mira que hay empanadas ricas, pero yo aprendí de mi madre, monfortina ella, que hoy está malita y no puede acompañarnos, decía: “mamá, que rica está la empanada”. Y ella: “sí, pero como la de Monforte de Lemos ninguna”. Y es verdad, están muy buenas las empanadas de Monforte.

Yo recuerdo también en esa infancia el premio que me daban con un pastel de La Pimienta. No sé si ha cerrado ya... Recuerdo a foto da primeira comunión que era de Foto Arcadio. ¿Existe? Pois non o sabe nin el. E despois, capítulo especial, a xente coñeceme moito polos programas con Isabel Pantoja pero morrerei sempre co de Cine de Barrio. Pero os meus cines de barrio de verdade non están en Prado del Rey. Están en Monforte de Lemos. Porque aquí de neno iba eu ó Capitol, iba eu ver as películas de Marisol, de Joselito, de Rocío Dúrcal; al Teatro Lemos, y sobre todo, a La Fraternal. Uy La Fraternal... tenía un amigo allí mi tía que a los 17 nos dejaba pasar a las películas de 18, hacía la vista gorda. Ahí aprendí yo mucha vida.

En mi vida está también El Morín. Eu son do Morín. Nacín no Morín. Esa entrada á capital dende Lugo. E mira que casualidade

porque o cartel deste ano, que é de Eros Mariño Núñez, sen saber que eu ía ser o pregoeiro, fixo o cartel. Ese cartel teño que gardalo eu na miña casa.

Non podo olvidar a Estación do Ferrocarril. Meu avó era ferroviario, meu pai ferroviario, meu tío ferroviario... entón como non vou sentirme cercano a aquela canción de Andrés do Barro, que dicía:

*O tren que me leva pola beira do Miño,*

*me leva e me leva polo meu camiño.*

*O tren vai andando pasiño a pasiño*

*e vaime levando cara o meu destiño.*

*Alguen pode ser que me espere na estación,*

*na terra da felicidade.*

*E toudo o que sexa amor e paz*

*o atoupareí eu o tereí*

*ca miña moza no meu lar.*

*O tren que me leva camiña e camiña,*

*vai votando fume, corre pola via.*

*O rio va felto un mar de ledicias.*

*No tren pouco a pouco volto a miña Galicia.*

Pois a terra da felicidade era Monforte, onde eu pasaba os veráns cos meus avós. Pois teño que dicir ¡¡nunca tanta xente me esperou na estación. Este é o ano no que máis xente había!!

Non se pode falar de festas sen música, sen esas orquestras que traballan en Galicia. Eu coñecín aquí grandes figuras. Agora cando a vexo ríome moito con ela, porque eu de rapaz vin aquí a Karina, cantaba nos Escolapios. Eu estaba emocionado porque era unha cantante moi coñecida: *Las flechas del amor, El baúl de los recuerdos...* Y le digo yo te conocí cuando yo era un desconocido y no pensaba ni siquiera dedicarme a esto, y fue muy emocionante.

Yo sé que hoy dentro de un momento estará Rosa Cedrón, que es una buena monfortina también, una gran cantante; mañana David Bustamante, que repite; y no os perdáis a Juan Perro el día 15 y ya el día 16 a Celtas Cortos.

Como vedes, é festa para todos, tal e como dicía o Señor Alcalde.

Eu estou falando das cousas que recordo, porque a min chamáronme non por ser alto, nin traballar na tele, nin estar en Gran Hermano... Non, a miña popularidade non é o importante neste caso, a min chámanme por ser de Monforte de Lemos, e o



pregón quero que saia do meu corazón e para falar das miñas vinculacións con Monforte, que moita xente non coñece.

Noto ausencias. Ausencia dos meus avós, que estarían moi orgullosos de verme, pero xa non están. Por iso perdín o de vir aquí a Monforte. Non está o meu pai. Non están os meus tíos... e a familia vaise disgregando un pouco.

Pero eu teño que dicirvos que estou moi agradecido de que esteades aquí, ocupando o lugar de toda esa familia que xa non está con nós. Graciñas por compartir estes airiños, airiños monfortinos, unha poesía de Rosalía Casto que teño que compartir como se fora miña. Parece que la hubiera escrito yo. Dice (fixen unha adaptación):

*Airiños, airiños aires,  
airiños da miña terra;  
airiños, airiños aires,  
airiños, levame a ela.*

*Sin ela vivir non podo,  
non podo vivir contento.*

*Levaime, levaime, airiños.*

*¡Ai!, si non me levás pronto,*

*airiños da miña terra;*

*si non me levás, airiños.*

*Levaime, levaime, airiños,*

*levaime a donde me esperan*

*unha nai que por min chora,*

*un pai que sin min n'alenta,*

*un irmán por quen daría*

*a sangue das miñas venas,*

*e un amorinho a quen alma*

*e vida lle prometera.*

*¡Ai, miña probe casiña!*

*Si pronto non me levades*

*Morrerei de tristeza, e inda despois de mortiño,*

*Airiños da miña terra, eivos de berrar:*

*Airiños, airiños, aires, airiños...*

*Deixaime nela!!!*

*Deixaime en Monforte de Lemos,*

*Deixaime tamén nas Festas de agosto*

*En honor da Virxe de Montserrat!!*

Moitas gracias.